

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 3 de marzo de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción acondicionamento da AC-110 no concello das Somozas, de clave AC/19/003.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.*

Antecedentes:

Por resolución da Axencia Galega de Infraestruturas con data do 13 de febreiro do 2020 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción: acondicionamento da AC-110 no concello das Somozas, de clave AC/19/003.10.

O obxecto do proxecto é levar a cabo o acondicionamento puntual do trazado da estrada AC-110, ao seu paso polo concello das Somozas, no treito comprendido entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 11+500 e 11+700, mediante a mellora dos raios de curvatura que teñen as dúas curvas consecutivas existentes e de xeito que se facilite a circulación dos transportes especiais que transitan por esta estrada.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

**RESOLVO:**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.



Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución será por un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, e realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008, A Coruña), e na Casa do Concello das Somozas (lugar Igrexa, 1, 15565, As Somozas, A Coruña). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ([https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)) atópase a disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago Compostela, 3 de marzo de 2020

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega Infraestruturas





## ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**  
**Proxecto de construción**  
**Acondicionamento da AC-110 no concello das Somozas**  
**Clave: AC/19/003.10**

## Concello das Somozas

Nº de parcela	Referencia catastral	Titular	DNI	Sup. afectada (m <sup>2</sup> )	Sup. total (m <sup>2</sup> )	Destino	Cualificación urbanística	Situación do solo	Bens afectados
1	15082A50101176	Siemens Gamesa Renewable Energy Eólica, S.L.	B31907330	484,00	1.393,00	Monte alto	– Núcleo rural tradicional viario: 11 m <sup>2</sup> – Núcleo rural tradicional: 461 m <sup>2</sup> – Solo rústico protección agropecuaria: 12 m <sup>2</sup>	Urbanizado/Rural	484,0 m <sup>2</sup> arboredo
2	15082A50101174	Sueiras Pita, Marina	***6497**	21,00	6.157,00	Monte alto	– Solo rústico protección infraestruturas	Rural	21,0 m <sup>2</sup> arboredo
3	002101900NJ82B	Abella Hermida, Luis	***5439**	668,00	3.833,00	Pradería	– Núcleo rural tradicional viario: 15 m <sup>2</sup> – Núcleo rural tradicional: 24 m <sup>2</sup> – Solo rústico protección agropecuaria: 530 m <sup>2</sup> – Solo rústico protección infraestruturas: 99 m <sup>2</sup>	Urbanizado/Rural	1,0 traslado de cancela de dúas follas 14,0 árbore madeireira 19,0 m <sup>2</sup> peche bloque de formigón 19,0 m <sup>2</sup> celosía de formigón 9,0 poste de formigón
4	002101600NJ82B	Hermida Freire, Pilar (herdeiros de) (50 %) e Hermida Freire, Visitación (herdeiros de) (50 %)	***0887**	729	729	Edificación/Pradería	– Núcleo rural tradicional viario: 189 m <sup>2</sup> – Núcleo rural tradicional: 236 m <sup>2</sup> – Solo rústico protección agropecuaria: 294 m <sup>2</sup> – Solo rústico protección infraestruturas: 110 m <sup>2</sup>	Urbanizado/Rural	1 edificación 335 m <sup>2</sup>
5	15082A50101180	Orjales Orjales, Gerardo	***2277**	315	832	Pradería	– Solo rústico protección agropecuaria: 137 m <sup>2</sup> – Solo rústico protección infraestruturas: 178 m <sup>2</sup>	Rural	9,0 árbore madeireira

